

A VILA DE PONTEVEDRA NO ANTIGO RÉXIME: UNHA REVISIÓN DO SEU COÑECEMENTO HISTÓRICO

Xosé Manuel Pereira Fernández

Fronte a un óptimo coñecemento da Pontevedra medieval gracias, fundamentalmente, ós estudos de Ferreira Priegue e Armas Castro¹, preséntase o do Antigo Réxime da vila asentada na desembocadura do río Lérez considerablemente distorsionado e cheo de tópicos e invencións –en moitos casos formulados á marxe e ignorando a espléndida masa documental existente–. Aínda que desgraciadamente a relación é máis extensa e non se esgota cos casos que aparecen nas páxinas seguintes, sirvan elas para ilustra-lo sinalado.

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DE PONTEVEDRA

A serie de estudos realizados nas últimas décadas permiten rexeita-la tradicional visión globalizadora que sinalaba a existencia dun longo e depresivo século XVII –que xa iniciaría a súa andadura nas décadas finais do Cincocentos–, e pódese falar da existencia dunha diversidade de conxunturas tanto no continente europeo coma na Península Ibérica².

Traballo pioneiro e revelador da existencia, na zona litoral de Galicia, dunha conxuntura diferente á existente no conxunto do interior da Meseta,

foi o realizado por Pérez García sobre a incidencia da aclimatación do millo americano nas estruturas socioeconómicas do litoral galego³. Segundo este autor, fronte á situación de crise que vive o centro peninsular ó longo do século XVII, o litoral galego –xunto co do Cantábrico–, recupérase rapidamente da crise e xa antes de media-la centuria a influencia do millo levará á Galicia litoral –tamén á Depresión Meridiana– a un período marcado pola exuberancia⁴.

Algúns enfoques de finais da década dos anos setenta e parte dos oitenta aceptaban, para Galicia, o inicio dun proceso depresivo, coa aparición de crises de subsistencias e problemas climáticos, xa a partir de 1527-30. Neste contexto, despois de 1571 asistiríase ó comezo dunha “pequena idade glacial”⁵. Todo este proceso de cambios climáticos e crises de subsistencias estaría acompañado da aparición de brotes de peste que alcanzarían a súa gran incidencia final no contaxio de 1598-99. Unha relativa calma, cos inevitables sobresaltos, volvería dominar entre 1603 e 1620. A partir de 1628, e con altibaixos, a conxuntura de abundantes chuvias provocaría perdas nas colleitas, situación que se

mantería ata finais da década dos anos trinta do século XVII⁶.

Na década dos oitenta, Pegerto Saavedra indicou que as diverxencias na evolución da poboación de Castela e Galicia non eran posteriores a 1640/50, sinalando a conveniencia de retrotraelas á segunda metade do século XVI, e, sobre todo, ó primeiro tercio do XVII. Ó mesmo tempo chamou a atención sobre o feito de que o crecemento da segunda metade do XVII, asociado á xeneralización do millo, puidese ser menos espectacular do que nun primeiro momento se pensara, non tanto pola inexistencia de zonas que duplicasen a súa poboación, senón porque estas tivesen un carácter xeograficamente limitado, existindo crecementos menores e incluso zonas que estivesen estancadas⁷. As innegables dificultades que aparecen en Galicia na segunda metade do século XVI, excepto casos illados, non levaron a unha catástrofe xeral, ocasionando, como moito, unha ralentización da tendencia mostrada pola “feliz” primeira metade do século XVI. Varias zonas do mundo rural non presentan curvas depresivas, nin tan sequera de estancamento, senón que crecen en porcentaxes do número de veciños entre o 15 e o 20% para o período de 1587 a 1631, caso do correxemento de Viveiro. Pegerto Saavedra pensa que é lexítimo facer extensivo o incremento do correxemento de Viveiro a toda a provincia de Mondoñedo. Paralelamente, no último cuarto do século XVI amplas zonas do mundo urbano seguían a crecer. Isto é o que sucede en Lugo, Ourense, Verín, Mondoñedo, Vigo e no maior núcleo urbano galego do momento, a –por Pegerto Saavedra denominada– “efervescente” vila de Pontevedra⁸.

O descubrimento no Arquivo Xeral de Simancas da Veciñanza de 1631 posibilitou a Fernández Cortizo unha maior aproximación á evolución mostrada pola poboación galega. O seu estudio permitiulle informar da existencia dun incremento de poboación do 61,50% na provincia de Tui, mentres que o experimentado pola de Mondoñedo sería máis amplo có proposto por Pegerto Saavedra, alcanzando o 37,30% –aumento que se vería reducido ó 23,70% se a referencia é o Censo de 1587–. Aínda que menor, a evolución positiva tamén aparece na Coruña e Betanzos (13,90%). Pola contra, Lugo sería a única provincia onde a poboación permaneceu estancada ou manifestou unha lixeira tendencia ó descenso (-0,40%), ó tempo que aparecen incompletos os datos referidos a Santiago e Ourense⁹.

Para o Monforte de Lemos do Antigo Réxime Dubert García, a comezos da década dos anos noventa, demostrou a existencia dunha evolución da poboación ascendente ata 1610. O crecemento detense entre esta data e 1620. A partir dese momento iníciase un ciclo positivo que finaliza en 1680; xorde entón un período de estancamento da poboación que se prolonga ata 1755¹⁰.

Rey Castelao, estudando na década dos noventa a conflictividade xerada pola utilización dos montes galegos, chamou a atención sobre o elevado número de preitos que se producen dende os anos sesenta do século XVI ata ben entrada a centuria seguinte. Este feito non parece coincidir cun período de baixa presión demográfica e, polo tanto, de abundancia relativa de terra. A autora sinala que o fenómeno é moito máis destacado no caso de ter en conta que a metade dos preitos conteñen referencias a cercados de montes coa finalidade de darlles un emprego individual, actuación que teoricamente parecería situarnos ante unha conxuntura de presión demográfica¹¹.

Referidos a Pontevedra, para a segunda metade do século XVI e a centuria seguinte, contamos con cinco recontos nominais de veciños: dous xerados polas investigacións de alcabalas de 1561 e 1588, o encamiñado a repartir entre os seus habitantes en 1625 a cantidade asignada a Pontevedra para a construción de seis galeóns destinados á creación da Escuadra do Reino de Galicia enmarcados no proceso da devolución do voto en Cortes, un para 1651, froito do “repartimiento del onçeno de millones” e o realizado en 1689 por orde do Consello de Castela¹². Fronte á visión tradicional, que dende un punto de vista impresionista sitúa o punto de inflexión demográfica da vila de Pontevedra –e por extensión a do inicio da crise– na década dos anos setenta do século XVI¹³, a documentación presenta unha evolución positiva durante máis tempo¹⁴, mostrando unha traxectoria ascendente na evolución da poboación pontevedresa do período ata 1625, declinando a partir de entón, como se observa no seguinte cadro e gráfico:

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DE PONTEVEDRA

| | |
|---------------------------|---------------|
| Reconto ano de 1561 | 1.180 veciños |
| Reconto ano de 1588 | 1.499 “ |
| Reconto ano de 1625 | 1.567 “ |
| Reconto ano de 1651 | 1.344 “ |
| Reconto ano de 1689 | 1.225 “ |




Gráfico de evolución da poboación de Pontevedra.

A INCIDENCIA DA PESTE DE FINAIS DO CINCOCENTOS

Segundo Pérez Moreda, a peste estivo presente en todo o Mediterráneo e interior da Península Ibérica ó longo do século XVI; localizándose os momentos máis dramáticos nos anos iniciais e finais da centuria¹⁵, e informando Fernández Cortizo de que na Galicia de Felipe II os contaxios de peste máis tráxicos foron os de 1567-70, 1573-80 e 1598-99¹⁶. En Pontevedra a duración do ataque da peste de finais de século parece que non foi moi extensa, pois se a Real Audiencia do Reino de Galicia, o 19 de xuño de 1598, nomea garda maior da peste ó licenciado Cervela¹⁷, a enfermidade desaparecera da vila en xaneiro de 1599¹⁸, aínda que en Vigo se manifestaron algúns pequenos rebotes a comezos do 1600¹⁹. Inseríndose dentro da tradicional visión apocalíptica, no seu momento, Juega Puig, quen concretou en 646 os falecidos entre o 25 de xuño de 1598 e o 15 de xaneiro de 1599, sinalou que o número de mortos ocasionados pola peste de finais do século XVI en Pontevedra fora moi elevado²⁰. Mentres que, para o ano de 1719, Sanz González calculou un índice de conversión veciños/habitantes de 3,6 para o *binterland* pontevedrés²¹, o tamaño resultante para o núcleo familiar da Pontevedra de mediados do

século XVIII foi de 3,4²². Se de cara a tentar realizar unha cuantificación aproximada da incidencia mortífera da peste de 1598 tomamos o índice medio resultante dos dous, obteríamos un valor de 3,5. Ó mesmo tempo, sabemos que o número de veciños da Pontevedra de 1588 era de 1.499, resultando un total aproximado de ± 5.246 habitantes. Como resultado temos que o contaxio de finais de século provocara a morte do $\pm 12,31\%$ da poboación pontevedresa, aínda que a porcentaxe sería lixeiramente inferior pois habería que desconta-lo crecemento experimentado no decenio, o que parece non representar unha porcentaxe de mortalidade moi elevada²³. A incidencia da peste en Pontevedra sitúase no entorno do 12-14% resultante do estudo realizado por Pegerto Saavedra na parroquia da Devesa (Ribadeo)²⁴, afastándose do 20% de media para Castela sinalado por Pérez Moreda²⁵.

A ESCOLA DE ESTUDIOS

En 1588, para unha poboación de 1.499 veciños, Pontevedra contaba con cinco mestres de nenos, cifra que se verá reducida a un en 1625²⁶. A documentación notarial pontevedresa informa do contrato realizado en 1533 entre o sacerdote Alonso Gómez –dedicado a “avençar niños”– e Martiño de

Meira, labrego de Troáns –Cuntis– para ter como alumno durante un ano ó fillo do segundo. Entre os autores existe unanimidade en considerar que posiblemente sexa este o mesmo Alonso Gómez que en 1546 solicita permiso para construír unha capela en honor á Nosa Señora da Concepción na igrexa de San Bartolomeu, a cal, ademais de ser o lugar escollido para a súa sepultura, serviría de sede a unha fundación que tiña como obxectivo crear unha escola de Gramática²⁷. Fernández-Villamil afirma que a primeira noticia do preceptor de gramática –sen aparece-lo seu nome– encóntrase nas actas consistoriais do 26 de maio e 21 de outubro de 1560. Sería na reunión do “Concejo” celebrada o 9 de agosto de 1563 cando apareza por primeira vez o nome do responsable da escola, nese momento o bacharel Francisco Yáñez. A partir desa data comézase a ter coñecemento, con certa fluidez, das persoas situadas á fronte da cátedra. En 1593, Ana de Montaos, esposa do rexedor Paio de Rivera, no seu testamento, lega unha serie de bens para fundar outra cátedra de gramática. Ambas confluirán nun momento dado e coa instalación dos xesuítas en Pontevedra, estes faranse cargo desta, aínda que a construción do colexio dos relixiosos se posporá ata 1653. De forma moi sintética, estas serían as grandes liñas do estudio realizado por Fernández-Villamil e que posteriormente seguiron unha serie de autores sen achegar ningunha novidade, introducindo unicamente Rivera Vázquez algunhas matizacións no referido ós xesuítas. Porén, Fernández-Villamil, que, xunto á documentación doutra tipoloxía, empregou os Libros de Consistorio de Pontevedra actualmente depositados no Arquivo Histórico Provincial, non utilizou os dous do século XVI existentes no Arquivo do Museo de Pontevedra. O que contén as actas emanadas do “Concejo” pontevedrés para o período comprendido entre o 13 de decembro de 1535 e o 8 de xullo de 1538²⁸ representa unha valiosa información que permite amplialo coñecemento da historia dos Estudios pontevedreses –de todos modos, a visión é parcial debido á desaparición dun considerable número de Libros de Consistorio do século XVI–. Segundo a información que emana da citada documentación municipal, non sería a escola creada por Alonso Gómez a que proporcionara os primeiros Estudos de Gramática a Pontevedra. Na reunión do “Concejo” celebrada o 4 de agosto de 1536 acórdase pagarlle a Martiño López, “vachiller de la gramática, dos mill mrs. que le son devidos de los dos terçios per-

meros de su salario deste presente año de quinientos e treinta e seys”. Da información contida na citada documentación parece deducirse que en datas inmediatamente posteriores Martiño López deixa a cátedra e abandona Pontevedra²⁹. Pese a descoñecérmo-lo nome do responsable, a praza parece que foi ocupada, pois o 16 de febreiro de 1537 os munícipes pontevedreses ordénanlle a Juan Gayán, “arrendador de las posturas deste presente año”, pague “al vachiller de la gramática mill mrs. de su selaryo del terçio permero que començó por el mes de setenbro del año pasado de mill e quinientos e treinta e seys años”. Posteriormente, o 23 de marzo, a Xustiza e Rexemento pontevedreses instan ó “vachiller de la gramática traya a esta villa su muger y yjos y este y resyda y lea en la villa y atento que no tiene fianças de dar los tres años a questa obligado...”. Descoñecémo-lo que sucedeu a continuación, pois coa acta da reunión do “Concejo” celebrada o 8 de xullo de 1538 finaliza o Libro do Consistorio. Xorde entón unha lagoa documental que se prolonga ata o 12 de xaneiro de 1560. A información contida na acta da reunión municipal de 26 de maio dese ano informa, como indicou Fernández-Villamil, do preceptor de gramática, que o citado autor considerou a primeira. Na de 9 de agosto de 1563, ó tempo que coñecemos que nesa data Alonso Gómez xa falecera³⁰, confírmase o indicado por Fernández-Villamil de que a Xustiza e Rexemento chegan a un acordo co bacharel Francisco Yáñez para que este imparta a cátedra durante catro anos, un xa vencido, cun salario de 3.000 mrs. anuais³¹ –igual importe có percibido máis dun cuarto de século antes polo bacharel Martiño López e o seu substituto–³².

A ORDENACIÓN PESQUEIRA

Tanto a documentación xerada polos autóctonos da Pontevedra do século XVI e comezos do XVII coma a que é froito de alóctonos e reflicten a súa impresión sobre o núcleo urbano asentado na desembocadura do Lérez dese período, coinciden en sinala-lo gran protagonismo que a pesca tiña en tódalas estruturas da súa sociedade. Sen ningún tipo de dúbida era “el trato más importante”, segundo a linguaxe da época, non sendo necesario profundar moito no estudio da Pontevedra da época para atopar probas da decisiva transcendencia que tiña a pesca, exportando peixe a Castela, Portugal, Andalucía e outras zonas da Península Ibérica.

Nun momento dado, a grande importancia alcanzada motivou a necesidade de regula-la pesca na ampla área que xurisdiccionalmente estaba baixo o control da Confraría do Corpo Santo, abarcando dende os Tranqueiros de Aguiño ás Estelas de Baiona. O mecanismo empregado foron as ordenanzas de pesca. A súa aplicación, unida ó papel hexemónico de control que os mareantes da Moureira pretendon exercer sobre a zona que controlaban xurisdiccionalmente, xerou tantos ou máis preitos dos que se pretendía evitar. O corpus ordenancista entendía no referido a vedas, obrigas relixiosas e laborais dos mareantes, forma de emprego das diversas artes de pesca e áreas de utilización, medidas e características destas, sancións ós infractores, privilexios dos habitantes do arrabalde pontevedrés...³³

Entre os diversos autores non existe coincidencia en sinala-la causa que levou ós homes do mar pontevedreses a redactaren as súas primeiras ordenanzas. Para Samp Pedro y Folgar, dende o século XII e ata 1523, momento no que se confeccionan as, ata o presente, consideradas primeiras escritas, o principio rector sería o dereito consuetudinario³⁴. Santos Castroviejo informa de que as ordenanzas de 1523 se confeccionaron para impedi-las innovacións nas sacadas, en canto á ampliación das dimensións e buscando prohibi-la chumbada na relinga inferior, que podería permitir traballar con ela ó arrastre³⁵. Mentres que os “usos e costumes” serían a raíz das ordenanzas de pesca redactadas pola Confraría do Corpo Santo, segundo Juega Puig³⁶, Filgueira Valverde encontra o precedente inmediato en 1464, na ordenanza para regular o pagamento da barcaxe da Confraría de San Miguel³⁷.

Mais entendemos conveniente ter presente varias cuestións. En primeiro lugar, chama a atención o nivel de perfección alcanzado na redacción das ordenanzas de pesca pontevedresas de 1523 –como queda sinalado, ata o presente, teoricamente as primeiras escritas–. Por outro lado, dado que existe unha plena aceptación da existencia dunhas fluídas e intensas relacións entre os diversos puntos do litoral cántabro-atlántico, entendemos que convén ter presente o que sucedía noutros portos en materia de ordenación pesqueira e a súa repercusión, máis ou menos inmediata, en lugares como as Rías Baixas, posuidoras dun gran potencial pesqueiro tanto no século XV coma no XVI. Ó respecto, existe constancia documental da modificación das ordenanzas de pesca do porto

de Bermeo en 1350, 1353 e 1358 por parte da Confraría de Pescadores e Sardiñeiros do Señor San Pedro da citada vila³⁸. Igualmente, González García e Ruíz de la Peña indican que as ordenanzas de pesca redactadas polos mareantes e navegantes do porto asturiano de Luarca –dunha importancia moi inferior á de Pontevedra– en 1468 representan o exemplo máis acabado de perfección dos regulamentos dos homes do mar de Asturias³⁹. Á luz de datos coma estes pensamos que cabe interrogarse sobre o feito de se, á fronte do proceso ordenancista, estaban os portos de maior ou de menor potencial pesqueiro, e de onde saían as directrices que sinalaban as pautas a seguir no citado proceso. Dito doutro xeito, parece difícil aceptar que unha vila da potencialidade pesqueira coma a posuída por Pontevedra durante a Baixa Idade Media e o século XVI estivese á marxe dunha política ordenancista que xa existía en Bermeo a mediados do século XIV ou alcanzara un alto nivel de perfeccionamento a comezos da segunda metade da centuria seguinte nun porto de menor categoría como era Luarca. Pero aínda existe algún aspecto máis que pensamos que convén ter en conta e que, parece, pasou desapercibido ata o presente. Os mareantes pontevedreses, reunidos o 25 de agosto de 1523 na igrexa de Santa María a Grande para a redacción das ordenanzas de pesca, fano invocando “el uso e costumbre del marear que hasta aquí tenemos de ynmemorial tiempo”, expresión que parece que levou a algúns autores a sinalar que as do citado ano eran as primeiras escritas e ata ese momento rexera o dereito consuetudinario. Pero, o final destas contén unha pasaxe que entendemos ambigua pero cremos que é conveniente ter presente: “...las quales dichas hordenanças dixeron los dichos mareantes que querían que se guardasen e hiziesen guardar e no se quebrantasen (...) e fuesen de aquí adelante para que las esecutasen segund e como en ellas se contenia e hasta aquí se avian guardado e usado non revocando las otras hordenanças que tenían e uso e costumbre usado e guardado...”⁴⁰, é o texto que aparece inmediatamente antes das firmas que poñen fin ás ordenanzas de pesca pontevedresas de 1523.

AS ARTES DE PESCA: OS CERCOS

Ó igual que sucedeu noutros lugares do litoral galego, na ría de Pontevedra, durante o século XVI, a actividade pesqueira articulouse fundamentalmente sobre dous sistemas: comunitariamente,

mediante os cercos, e de forma máis ou menos individualizada, onde a arte de pesca máis representativa correspondeu ós xeitos. Estas dúas artes de pesca, que foron as grandes protagonistas nas Rías Baixas galegas ó longo da citada centuria e primeiro tramo do século XVII, levantaron tanto apaixonadas defensas coma furibundos ataques. Na ría do Lérez, os cercos foron os que de forma maioritaria contaron co apoio “institucional”, traducíndose o posicionamiento no seu enalteceamento e paralela denigración dos xeitos. Por contra, en amplas zonas da contigua ría da Arousa invertíanse as valoracións, polo que consideraban en extensos espacios desta que a arte de pesca ecolóxica e proteccionista das especies piscícolas por excelencia era o xeito, co que aparecía o esquilme da riqueza mariña asociado ó emprego dos cercos⁴¹.

A idea dominante en épocas pasadas, que falaba da existencia dun igualitarismo nos cercos, foi revísada actualmente⁴². A documentación, que especifica en moitos dos contratos redactados para a formación dos cercos a cantidade a percibir en función da achega realizada⁴³, rexeita o escrito por Sampedro y Folgar de que, nos contratos de constitución dos cercos, non se informaba da cantidade a percibir⁴⁴, e confirma o sinalado polo cardeal Jerónimo del Hoyo a comezos do século XVII, quen describía a existencia dun reparto proporcional en función do investimento realizado no furnimento do cerco⁴⁵, información que non se tivo en conta posteriormente.

A análise de máis de corenta contratos de constitución de cercos⁴⁶, xunto co estudio realizado no seu momento por Ferreira Priegue para o ano de 1521, parecen informar da existencia dun proceso evolutivo nas dimensións dos cercos pontevedreses. Segundo o estudio de Ferreira Priegue, os de 1521 estaban formados por 40-41 quiñóns⁴⁷. Ata finais da década dos anos sesenta do século XVI, salvo casos excepcionais, non parecen supera-las 60 pezas de rede, oscilando o seu número entre 40 e 57. A partir de comezos do último tercio do Cinco-centos xeneralízase a presenza de cercos formados por 70, 80 e 90 quiñóns –manténdose a tendencia nas décadas seguintes desa centuria e tal vez no século XVII⁴⁸–, que poderían, en ocasións, superar tal vez o número de 100⁴⁹. Esta evolución vese referendada –ademais de polo seu soporte notarial– pola declaración achegada por unha serie de testemuñas no preito mantido por Pontevedra e Combarro en 1582 e 1592⁵⁰. Con

estes datos, a documentación semella informar de que a maior capacidade extractora dos cercos se localiza no último cuarto do século XVI. Se a este feito engadimos que Juega Puig cifra en 14 o número de cercos existentes en 1551 e 1552, e 15 en 1575⁵¹, e ademais, testemuñas participantes en preitos declaran que o seu número era de 14-15 e 12 en 1584 e 1595, respectivamente⁵², como resultado final temos que o maior rendemento dos cercos se produciría no último cuarto do século XVI –excluíndo posiblemente os 3-4 últimos anos da centuria–, fronte á visión tradicional que o empraza na primeira metade ou parte central do Cinco-centos⁵³. Esta ampliación da capacidade de capturas coincide co incremento de pontevedreses mareantes que reflicte o relato de veciños de 1588 en relación co de 1561⁵⁴. Nunha orde de cousas similar, fronte á visión tradicional que defende a práctica desaparición dos cercos a partir dos primeiros anos do século XVII⁵⁵, do que informa a documentación é dunha forte redución destes na Ría de Pontevedra, cifrándose o seu número en seis para o ano de 1620 –cinco en Pontevedra e un en Marín⁵⁶– e dous en 1681⁵⁷. O padre Sarmiento sinala o ano de 1689 como a data na que se sitúa a desaparición dos cercos do século XVII na Ría de Pontevedra⁵⁸.

A información que emana da documentación revísa e matiza a visión tradicional de corresponde-lo posto de *atalieiro* –responsable e director do cerco⁵⁹– ó principal “socio capitalista” achegador do trincado –maior barco e verdadeiro motor do cerco–. A modo de exemplo sirvan algúns casos, aínda que a relación é máis extensa. En 1568, o Cerco de Alonso Garrido presenta como *atalieiros* a este e a García Núñez, achegando o trincado Alonso García Nobo⁶⁰. Ese mesmo ano, no Cerco da Prancha o trincado era propiedade de Toribio Tarán, Bastián Núñez, Bastián Domínguez e Baltasar Fernández, mentres que como *atalieiros* aparecían Alonso Lourenzo e Juan de Cangas⁶¹. Para 1574, no Cerco Nuevo o trincado proporcionábao Ysabela Doubiña, aparecendo como *atalieiro* Gregorio Martiz⁶². O Cerco do Peirao Novo, constituído en 1628, tiña como *atalieiro* a Antonio Salgueiro, pertencendo o trincado a Gonzalo de Bilariño e Juan Cordeiro⁶³. A situación parece non ser exclusiva de Pontevedra, pois debido a uns incidentes acaecidos no Berbés, Estevo González, veciño de Redondela, declara que no cerco que tiña por *atalieiros* a Fernán Suares e Pedro de Çacande, o trincado era propiedade de Ruy Pre-

go⁶⁴. En ocasións, a documentación parece informar da existencia dun proceso electivo á hora de designa-lo atalieiro⁶⁵. Mentres, na vila de Cangas encontramos a un ex-atalieiro exercendo de pintor⁶⁶. Como hipótese entendemos factible propoñer que, en moitos casos, existiu unha identificación de dono do trincado con *atalieiro*, correspondéndose posiblemente cun home de mar, experimentado en faenas de pesca, que acumulara a fortuna suficiente para poder compra-lo barco. Cando esta situación non se daba, os membros do cerco optaban polo proceso electivo que, teoricamente, conferiría a responsabilidade deste á persoa máis experimentada en cuestións de pesca. Malia non encontramos soporte documental, pode entrar dentro do posible, que nalgunhas ocasións tamén se realizasen designacións directas.

A FISCALIDADE PONTEVEDRESA

No seu momento, Ferreira Priegue xa destacou a benignidade da presión fiscal existente na Galicia baixomedieval, caracterizada por unha laxitude descoñecida noutros territorios. Característica definidora do Reino de Galicia foi a súa permanente negativa a pagar unha serie de impostos, actitude considerada como un caso desesperado pola Facenda Real. Esta situación procedía da falta de poder efectivo dos monarcas sobre o territorio galego, conxuntura que favorecía a existencia dunha fraude permanente e a usurpación material dos rendementos por parte dos señores encargados da percepción das rendas⁶⁷.

O incremento do valor das alcabalas rexistrado a partir de 1480 reflicte, por un lado, a afirmación do poder real e, por outro, a expansión das economías urbanas. Pegerto Saavedra, tomando como índice cen o ano de 1450, sinala que o valor das alcabalas do Reino de Galicia descendeu ó 69,6 en 1469, situouse no 89 en 1482, no 190 en 1493 e no 210 en 1504. Durante este período, en ningunha outra parte da Coroa de Castela tivo lugar un incremento tan considerable⁶⁸, xa que representa a cifra correspondente a Galicia o 5,5% do importe total das alcabalas da Coroa de Castela⁶⁹.

O incremento experimentado no prezo dos *encabezamentos* alcabalatorios galegos entre o comezo e o final do reinado de Felipe II foi moderado. Mentres que os acordos tomados en Cortes para o conxunto xeral case multiplicaron por tres a cantidade a pagar entre 1557-61 e 1588-1610, as cotizadas por cada partido galego unicamente se duplicaron. Pese a que o valor nominal das alca-

balas galegas se multiplicara por dous dende comezos do século XVI ata 1603, o aumento parece non ser gravoso en exceso, pois convén ter presente o incremento dos prezos, da poboación e o tráfico de mercancías. Ademais, o cotexo do sucedido no Reino de Galicia co acaecido en Córdoba resulta moi ilustrativo, pois no rural da provincia andaluza, tomando como base as cifras de 1557-61, o índice de 1590-95 chega a 344. Mentres que de 1504 a 1596-1610 os valores nominais das alcabalas da Coroa de Castela se multiplicaron por 3,5, os do Reino de Galicia fixérono nun 1,78. Deste modo, se –como queda sinalado– a principios do século XVI Galicia achegaba o 5,5% do importe total, no momento do falecemento de Felipe II a porcentaxe descendera ó 2,8%. En función desta evolución resulta que a cota media satisfeita por un contribuínte galego estaba moi por debaixo da que pesaba sobre un veciño de Terra de Campos ou Córdoba. Dito doutro modo, en función do que estaba sucedendo noutras zonas da Coroa de Castela, non se pode dicir que Galicia fose moi penalizada polos incrementos dos montos alcabalatorios experimentados ó longo do reinado de Felipe II⁷⁰. Neste contexto xeral galego descrito por Pegerto Saavedra insírese plenamente Pontevedra. Fronte á visión tradicional que, dende un punto de vista impresionista, postula e defende a existencia dunha forte presión fiscal en Pontevedra durante a segunda parte do reinado de Felipe II, sobre todo a partir de 1575⁷¹, a información que emana da documentación parece indicar que o núcleo urbano asentado na desembocadura do río Lérez soportou sen grandes problemas os sucesivos montos alcabalatorios do Cincocentos e comezos do século XVII. O que se extrae da análise documental parece sinalar que a asfixia fiscal pontevedresa se produce no Seiscentos, aparecendo asociada á figura fiscal dos millóns, mellor dito, á suma do importe de alcabalas e millóns.

As alcabalas pontevedresas⁷² caracterízanse por presentar uns ritmos propios que non cadran cos considerados estándar da Coroa de Castela. En Pontevedra non se produce a triplicación do importe alcabalatorio de 1575 nin a *petrificación* subseguinte. Aínda que descoñecemos-la cantidade real cobrada entre 1568 e 1578 –ambos anos incluídos–, sabemos que o *encabezamento* aceptado polo “Concejo” pontevedrés para o período de 1565 a 1576 –cancelado unilateralmente polo monarca dous anos antes da súa finalización–, ascendía a 1.100.000 mrs., mentres que a cantidade

recadada mediante fieldade en 1579 foi de 1.769.937 mrs. Estas cifras implican un índice multiplicador de $\pm 1,60$. Se a análise se realiza dende as cantidades realmente cobradas das que existe constancia documental, teríamos que estas foron de 1.158.000 mrs. en 1566-67 e a xa citada de 1.769.937 mrs. para 1579, do que resulta un índice multiplicador de só $\pm 1,52$, moi distante da triplicación aprobada polas Cortes⁷³. Pero aínda máis, mesmo se tomamos as cantidades máxima e mínima dos *encabezamentos* –1.000.000 mrs. para 1557/61 e 2.878.225 mrs. para 1615/17– o multiplicador resultante é de $\pm 2,87$. Fronte á práctica *petrificaci3n* do importe das alcabalas do conxunto da Coroa de Castela aprobado polas Cortes –subseguinte á triplicaci3n da suma alcabalaria–, a tendencia que presenta a cantidade a pagar polas alcabalas pontevedresas a partir de 1565 é a de crecer ata 1615/16 –excepci3n feita de 1580, 1582 e 1583, anos nos que estiveron administradas en fieldade e descenden respecto ó cotizado o ano anterior⁷⁴–, momento no que alcanzan o seu máximo valor cunha cantidade de 2.878.225 mrs. O importe experimenta un descenso de 250.000 mrs. en 1617, permanecendo a cifra da suma alcabalaria que se debía cotizar estancada ata 1636, e diminúe o seu importe en 1642 e 1643, para en 1644 e 1646/51 –data do último *encabezamento* que coñecemos ata o presente– volver a experimentar cadanseu incremento⁷⁵.

Fronte ó que sucede na etapa medieval, onde se asiste a unha clara sobranceira posici3n do viño, co segundo posto da clasificaci3n ocupado polo peixe, ó longo do século XVI e ata 1623-25, a hexemonía do peixe é nítida nas porcentaxes alcabalatorias pontevedresas. Nesta última data prodúcese a inflexi3n e de novo o viño, cun $\pm 31,10\%$ fronte ó $\pm 30,51\%$ do peixe, recupera o primeiro posto que ocupara durante a etapa baixomedieval⁷⁶. Ata 1611-12 a porcentaxe do peixe⁷⁷ na suma total descendeu do 40% unicamente en 1579 ($\pm 35,19\%$) e 1587 ($\pm 39,27\%$), e superou o 50% en 1565 ($\pm 55,46\%$), 1566-67 ($\pm 57,85\%$), 1593-95 ($\pm 51,40\%$) e 1611-12 ($\pm 52,17\%$). A partir de 1611-12 só coñecemos-las desagregaci3ns dos trienios 1614-16 e 1623-25. No primeiro deles, o peixe –xunto cos panos e a leña– representan o $\pm 36,55\%$ do total alcabalariorio⁷⁸, mentres que para o segundo período as cifras son as reflectidas anteriormente. A porcentaxe do viño baixou do 20% en 1557 ($\pm 18,03\%$), 1565 ($\pm 15,39\%$), 1566-67 ($\pm 13,24\%$), 1584-86 ($\pm 19,99\%$) e 1611-12

($\pm 17,30\%$), e superou o 25% en 1579 ($\pm 28,73\%$), 1583 ($\pm 32,28\%$), 1587 ($\pm 25,86\%$), 1614-16 ($\pm 30,15\%$) e 1623-25 ($\pm 31,10\%$). Viño e peixe constitúen os únicos membros que permanentemente superan o 10% do total. Ó longo do período estudiado o total de ambos sempre representa unha porcentaxe superior ó 60% da suma alcabalaria, e sitúase por riba do 70% nos anos de 1565-67, 1581-83 e 1593-95 –o máximo dáse nese trienio co $\pm 72,66\%$ –. Estes datos parecen indicar que a economía pontevedresa da época se asentaba sobre dous soportes básicos: a pesca e a exportaci3n de viño do Ribeiro.

A aparentemente asumible carga das alcabalas pontevedresas resulta perceptible en aspectos como o reducido número de artigos que cotizan, o baixo tanto por cento asignado a cada membro, as condiciones ofertadas polos arrendadores e os “donativos” ofrecidos por estes ó “Concejo” para facerse cos *encabezamentos*.

Excepto nos anos nos que as alcabalas estiveron en fieldade (1579-82, 1638, 1643-44, máis os intervalos sen responsable), e teoricamente tiveron que cotizalo legal 10%, cando existe constancia documental, a informaci3n que emana desta fala dunhas condici3ns moi vantaxosas para os veciños. Malia que a relaci3n é máis extensa, cunha intencionalidade ilustradora sirvan algúns exemplos⁷⁹. Se en 1565-67, período no que excepto o peixe e a *media dezma* pagaron a raz3n do 10%, e o resto dos membros fíxoo ó 3%, en 1584-86, menos o peixe e a salvaxina que aboaron respectivamente o 10 e o 5%, o resto dos artigos que cotizan pagaron o 6%. Mentres que en 1590-92 o peixe cotizou a raz3n do 9%, a *media dezma* ó 6% e o resto dos membros ó 4%, para os tres anos seguintes o peixe foi cargado co 9%, a *media dezma* co 6, o viño co 4, os panos co 2 e os demais membros co 3%. Durante os anos 1599-1601, excepto o peixe que pagou ó 9%, o resto dos membros, tanto *proprios* coma *de vento*, así como a *media dezma*, fixérono ó 4%. Para 1611-13, o responsable fixou gravalo peixe co 10%⁸⁰, o *pan de sobre o mar* co 5%, para asignalo 3% ó resto dos membros, excepto os panos que pagarían a raz3n do 1%⁸¹. A situaci3n parece non ser tan beneficiosa e comeza a dar síntomas dun certo endurecemento a partir de 1623-25, trienio no que o responsable se compromete a cobrar tódolos membros ó 9%, excepto o viño que o faría ó 8, os ferreiros e banastreiros ó 6 e a *media dezma* ó 4%. Mentres que en 1626-27 tódolos membros das alcabalas pontevedresas cotiza-

ron ó 10%, menos a *media dezma* que o fixo ó 5%, nos tres anos seguintes tódolos artigos que cotizan fixérono ó 8%, as revendas ó 4 –menos o peixe e o viño que pagaron o 8%– e a *media dezma* que se fixou no 3%.

Ó sinalado ata o momento temos que engadi-la sistemática responsabilización por parte dos arrendadores dos *encabezamentos* de alcabalas do pagamento dos *xuros* de Pontevedra, do Servicio Ordinario e Extraordinario, do salario do organista de San Bartolomeu, do mestre de nenos⁸², custear obras públicas, etc. Fronte á visión tradicional defensora da existencia dunha intensificación da presión fiscal, sobre todo no último tramo do reinado de Felipe II, o que semella reflecti-la documentación é a existencia dunhas condicións considerablemente vantaxosas para os pontevedreses, mesmo no tramo final da centuria⁸³.

Ademais, nos procesos de concesión dos *encabezamentos* das alcabalas pontevedresas resulta habitual a existencia de “donativos” ó “Concejo” por parte da persoa que se fai co seu *beneficiamento*. A modo de exemplo sinalámo-los tres casos máis destacados dos que posuímos constancia documental, pertencentes a Juan de Vega para 1558-61, Alonso García Varela para 1590-92, e Fernando Pérez de Lemos referido a 1593-95. Mentres que no primeiro caso, para un *encabezamento* fixado en 1.000.000 de mrs., a doazón “a maiores” ascendeu a 574.826 mrs. ($\pm 57,40\%$); no segundo, a cesión foi de 744.728 mrs. para un *encabezamento* de 2.248.225 mrs. ($\pm 33,12\%$). No último exemplo, a documentación informa que para un importe da mesma contía có anterior, o “achegamento” foi de 318.750 mrs. ($\pm 14,17\%$). O dispoñer de tódalas vicisitudes sufridas polas rendas concedidas a Pérez de Lemos permite coñecer que, a pesar dos baixos tantos por cento cobrados, o superávit na recadación alcanzou os 280.500 mrs., dato que igualmente incide na formulación de que mesmo no tramo final do reinado de Felipe II, sen unha presión fiscal asfixiante, o *beneficiamento* das alcabalas pontevedresas constituía un rendible negocio, a pesar das “lacrimosas” afirmacións vertidas, en moitos casos, polos responsables, os mesmos que en ocasións, “curiosamente”, volven de novo a competir denodadamente por facerse outra vez co *encabezamento*.

Dispoñer de tres recontos nominais permite realizar un cálculo aproximado da teórica cantidade media que lle correspondeu pagar a cada pontevedrés en concepto de alcabalas en 1561, 1588 e

1625. Para o quinquenio de 1557-61 o encabezamento ascendeu a 1.000.000 mrs., cantidade que se superou en 81.950 mrs. na poxa de outubro-novembro de 1557 ($\pm 8,19\%$ de superávit). A seguinte desagregación pertence ó ano de 1565, cando, cun *encabezamento* de 1.100.000 mrs. a cantidade recadada ascendeu a 1.208.000 mrs. ($\pm 9,81\%$ de superávit), para, co mesmo *encabezamento*, descender a 1.158.000 mrs. ($\pm 5,27\%$ de superávit) nos dous anos seguintes. Neste período, os superávits nunca alcanzan o 10%, resultando lóxico supoñer que a cantidade recadada en 1561 non superaría os 1.100.000 mrs. Aceptando esta cifra, e dado que o reconto contabiliza 1.180 veciños, teríamos que no ano citado cada unidade fiscal pontevedresa cotizou á Facenda Real aproximadamente ± 932 mrs. Para 1588 sabemos que o importe do *encabezamento* ascendeu a 2.248.225 mrs., e que en 1590-92, cunha cantidade igual á de 1588, a maioría dos membros cotizaron a un vantaxoso –para os veciños– 4%. Temos, entón, que a cada un dos 1.499 pontevedreses contidos nos expedientes de Facenda lle correspondería paga-la cantidade aproximada de ± 1.499 mrs.; mentres, para os anos finais do século XVI, Fortea Pérez calcula que cada veciño de Córdoba pagou aproximadamente 3.500 mrs.⁸⁴, é dicir, máis do dobre ($\pm 2,33$) do cotizado por cada unidade fiscal pontevedresa en 1588⁸⁵. Os efectivos 2.896.800 mrs. recadados en 1625, sobre un encabezamento de 2.628.225 mrs., elevarían a cantidade aboada por cada pontevedrés no citado ano a ± 1.848 mrs. Temos entón que a teórica cifra media pagada por cada veciño de Pontevedra en concepto de alcabalas entre 1561 e 1625 nin sequera se duplicou, multiplicándose unicamente por $\pm 1,98$. Ó mesmo tempo, o índice multiplicador do incremento experimentado entre 1561 e 1588 –coa data crítica de 1575 en medio– sería de $\pm 1,60$. Estes datos engádense ós anteriores que parecen cuestiona-la asfixia fiscal que tradicionalmente se lles asignou ás alcabalas pontevedresas deste período.

Os sucesos derivados da Xornada de Inglaterra deron lugar á creación da nova figura fiscal dos *millóns* en 1590. No primeiro *repartimento* (1591-94), que se realizou tomando como base as pesquedas de veciños elaboradas entre 1528 e 1541 para o pagamento do Servicio Ordinario e Extraordinario, a Galicia correspondeulle pagar 32.400.000 mrs. anuais. O seguinte *repartimento* (1595-96) efectuouse en función do teórico peso demográfico das respectivas provincias, para o que se

